

## CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 Telefax: 981 459 371

E. electrónico: [correo@acapela.es](mailto:correo@acapela.es)

Web: [www.concellodacapela.es](http://www.concellodacapela.es)

### RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** ADXUDICACION DA LICITACION E CONTRATACION DO SERVIZO DE ATENCION A VISITANTES NO MOSTEIRO DE CAAVEIRO

#### FEITOS


1 O Concello da Capela asinou coa Deputación Provincial da Coruña en data 2 de marzo de 2017 o convenio número 13/2017 para o financiamento de atención a visitantes e outras actividades culturais no Mosteiro de Caaveiro, ano 2017.

2 O Pleno do Concello en sesión realizada o día 3 de marzo de 2017 aprobou o expediente de Modificación de Créditos Nº 1/2017 por importe de 70.000,00 €, que recolle os créditos para atender a gastos derivados da atención a visitantes e actividades culturais a desenrolar no Mosteiro de Caaveiro no ano 2017

3 Por Resolución da Alcaldía-Presidencia número 61/2017 de data 8 de marzo de 2017, aprobouse o expediente para a licitación e contratación do servizo denominado "Atención a visitantes no Mosteiro de Caaveiro", polo sistema de procedemento negociado único criteriode adxudicación: factor prezo e tramitación urgente.

4 No prazo establecido ó efecto presentaron ofertas as seguintes empresas:

- REXENERANDO S.COOP. GALEGA
- ESTELA LOXISTICAS E PROXECTOS, S.L.
- TOTAL EVENTI 2015, S.L.
- EULEN, S.A.
- SERVICIOS DEPORTIVOS GALICIA, S.L.
- SERVIPLUSTOTAL, S.L.



## CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 Telefax: 981 459 371

E. electrónico: [correo@acapela.es](mailto:correo@acapela.es)

Web: [www.concellodacapela.es](http://www.concellodacapela.es)

- DIMOBA SERVICIOS, S.L.
- SAMYL, S.L.
- OSVENTOS INNOVACION EN SERVICIOS, S.L.
- 

5 En data 23 de marzo de 2017 a Mesa de Contratación reuníuse para a apertura dos sobres A) denominado "documentación" e C) denominado "oferta económica", propoñendo ó órgano de contratación competente (Alcaldía-Presidencia) a adxudicación a oferta económica máis ventaxosa presentada pola empresa EULEN, S.A., polo prezo de 20.032,94 €, IVE engadido.


6 A empresa EULEN, S.A. presentou no rexistro do Concello a documentación a que fai referencia o artigo 15 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a contratación do servizo de referencia.

E tendo en conta os seguintes

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

- Artigo 21.1 a) b) e f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Disposición adicional 2ª do RDL 3/2011, do 14 de novembro (TRLCSP)
- Bases de execución do orzamento municipal do exercicio 2017

Visto o anterior



**CONCELLO DA CAPELA**  
As Neves, 46-A 15613 A Capela  
Teléfono: 981 459 006 Telefax: 981 459 371  
E. electrónico: [correo@acapela.es](mailto:correo@acapela.es)  
Web: [www.concellodacapela.es](http://www.concellodacapela.es)

## RESOLVO

1º.- Adxudicar á empresa EULEN, S.A. o servizo de atención a visitantes no Mosteiro de Caaveiro de acordo coas condicións establecidas no prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas no ano 2017, polo prezo de 20.032,94 €, IVE engadido.

2º.- Notificar a presente resolución ás empresas que concorreron a licitación e contratación do servizo de referencia.

O Secretario

José Antonio Meizoso Paz

Vº e Prace

O Alcalde

Manuel Meizoso López

